

Flexibilización das medidas

fronte á covid-19 nas residencias de maiores

O comité clínico acordou novas medidas relacionadas co toque de queda, as residencias de maiores e a hostalería, entrarán en vigor a partir deste venres 16 de abril.

O toque de queda pasará das 22 ás 23 h, e manterase o peche perimetral da Comunidade.

No relativo ás **residencias de maiores** continuarase coa progresiva apertura das residencias de maiores. Deste xeito, se cada residente podía recibir tan só a visita de dúas persoas de referencia, a partir de agora **poderá volver ver a os seus achegados e familiares, sempre de un en un, con cita previa** e de acordo aos protocolos establecidos.

Ademais, os residentes **poderán saír ata tres veces por semana, cunha duración de catro horas por saída.**

Resolución do 14/04/2021 conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social.